

ANNE BRONTË

Agnes Grey

Traducción de Celia Recarey Rendo



A reitoral

Todas as historias verdadeiras conteñen unha ensinanza; aínda que, nalgunhas, o tesouro pode ser difícil de atopar e, cando se atopa, é nunha cantidade tan trivial que o froito seco e murcho apenas compensa o traballo de escachar a casca. Se ese é o caso ou non da miña historia, pouco competente son para xulgalo. Ás veces penso que lle poderá resultar útil a algunha xente, e entretida a outra, pero que o mundo xulgue por si mesmo. Protexida pola miña anonimía e polo paso dos anos, e mais por uns cantos nomes ficticios, non temo aventurarme, e expoñerei con franqueza ante o público o que non sería quen de revelarlle á máis íntima das amizades.

O meu pai era un clérigo do norte de Inglaterra que gozaba do merecido respecto de todo aquel que o coñecía; nos seus días de xuventude, vivira con bastantes comodidades grazas aos ingresos que lle procuraba o seu modesto posto e un pequeno e acolledor predio da súa propiedade. Miña nai, que casou con el contra o desexo da súa familia, era filla dun fidalgo, e muller de xenio. En van trataron de explicarlle que, de converterse na esposa do pobre reitor, tería que renunciar á súa carruaxe, á súa doncela e a todos os luxos e elegancias da riqueza que para ela eran

pouco menos que necesidades da vida. Unha carruaxe e unha doncela eran grandes comodidades pero, grazas ao ceo, tiña pés para se mover e mans para atender as súas necesidades. Unha casa elegante e un vasto xardín non eran cousa de menosprezar, pero ela prefería vivir nunha casaña de campo con Richard Grey que nun palacio con calquera outro home do mundo.

Vendo que os argumentos non lle eran útiles, seu pai, ao cabo, díxolles aos amantes que podían casar se lles petaba mais que, ao facelo, a súa filla renunciaría por completo a toda a súa fortuna. Esperaba que isto arrefriase o ardor de ambos, pero estaba errado. Meu pai sabía demasiado ben o moito que valía miña nai como para non ser consciente de que era unha fortuna en si mesma, e se ela accedía a embelecer o seu humilde fogar, el aledaríase de aceptala nos termos que fosen; mentres que ela, pola súa parte, prefería traballar coas súas propias mans a que a separasen do home que amaba, a quen gozaría facendo feliz e que xa era un con ela no seu corazón e na súa alma. Así que a súa fortuna acabou inchando a faldriqueira dunha irmá máis prudente, que casou cun rico *nabab*^{*}, e ela, para abraio e compasivo lamento de todos os que a coñecían, foise enterrar naquela acollidora reitoral de aldea, entre as cuiñas de E porén, a pesar de todo isto, e a pesar do elevado espírito da miña nai e dos caprichos de meu pai, creo que poden vostedes buscar por toda Inglaterra e non han atopar unha parella máis feliz.

De seis criaturas, miña irmá Mary e mais eu fomos as dúas únicas que sobrevivimos aos perigos da primeira infancia. Eu, que era cinco ou seis anos máis nova, sempre fun considerada a nena, o chiche da familia: pai, nai e irmá xuntábanse para me malcriar, non cunha absurda indulxencia que me volvese díscola e ingobernable, senón cunha incesante benevolencia que me vol-

* N. da T.: Home rico, polo xeral, de fortuna adquirida na India.

veu demasiado indefensa e dependente, demasiado inepta para me bater coas preocupacións e vicisitudes da vida.

Mary e mais eu fomos criadas na máis estrita reclusión. Miña nai, que era a un tempo unha muller moi dotada, ben informada e amante do traballo, asumiu persoalmente toda a carga da nosa educación, coa excepción do latín, que meu pai se encargou de nos ensinar, de maneira que nunca fomos á escola sequera e, como non había ningún círculo social na veciñanza, a nosa única relación co mundo consistía nalgunha merenda formal de cando en vez cos principais granxeiros e comerciantes da redonda (simplemente por evitar que se nos tachase de ser orgullosos de máis para nos xuntar cos veciños) e nunha visita anual cas do noso avó paterno, onde el, a nosa xentil avoa, unha tía solteira e dúas ou tres damas e cabaleiros de idade eran as únicas persoas que viamos. Ás veces, a nosa nai divertíanos con historias e anécdotas dos seus tempos mozos que, aínda que nos entretían enormemente, a miúdo espertaban —en min, polo menos— un secreto desexo de ver un pouco máis de mundo.

Eu pensaba que debiera de ser moi feliz, pero ela nunca parecía ter saudades dos tempos de antes. Porén, meu pai, cuxo temperamento non era sereno nin alegre por natureza, a miúdo se castigaba indebidamente pensando nos sacrificios que a súa querida esposa fixera por el, e dáballe voltas á cabeza con innúmeros plans para aumentar a súa pequena fortuna, por mor dela e por nós. En van lle aseguraba miña nai que se sentía satisfeita abondo e que, se apartaba algo para as rapazas, habíamos ter todos suficiente, tanto para o presente como para o porvir; pero o aforro non era o punto forte de meu pai. Non se empeñaba (ben se encargaba miña nai de que non o fixese), pero cando tiña diñeiro tiña que o gastar: gustáballe ter a casa cómoda, e a muller e as fillas ben vestidas e ben atendidas; ademais, era de disposición

caritativa e gustáballe axudar aos pobres dentro das súas posibilidades ou, segundo pensaban algúns, por riba delas.

Ao cabo, porén, un amable amigo suxeriuulle unha maneira de duplicar o seu patrimonio cunha soa operación e de aumentalo máis aínda despois até unha cantidade indicible. Este amigo era un comerciante, un home de espírito emprendedor e talento innegable que andaba un tanto apurado nas súas empresas por falta de capital, pero fíxolle a meu pai a xenerosa proposta de lle dar unha boa parte dos seus beneficios se el lle confiaba parte dos seus aforros, e cría poder prometerlle con total seguridade que, fose cal fose a suma que decidise poñer nas súas mans, lle había reportar unhas ganancias do cento por cento. O exíguo patrimonio vendeuse rapidamente e a totalidade do gañado depositouse nas mans do afable comerciante, quen, con igual prontitude, procedeu a embarcar o seu cargamento e a prepararse para a viaxe.

O meu pai estaba encantado, como estábamos todas nós, coas nosas espléndidas expectativas. Certo é que, polo momento, só nos restaba o pequeno salario da parroquia, pero meu pai parecía crer que non había necesidade de limitar escrupulosamente os gastos a eses ingresos; así, cunha conta aberta na do señor Jackson, outra en cas de Smith e outra na de Hobson, viviamos con máis comodidades ca antes, aínda que miña nai insistía en que era mellor mantérmonos dentro de certos límites, pois as posibilidades de nos enriquecer non deixaban de ser precarias, despois de todo, e en que, se meu pai lle confiaba a ela a xestión de todas as cousas, nunca había sentir falta de nada. Pero el, por unha vez, amosouse inflexible.

Cantas horas felices pasamos Mary e mais eu sentadas diante dos nosos labores a carón do lume, paseando polos outeiros cubertos de carrouchas, ou lacazaneando baixo o salgueiro chorón (a única árbore destacable do xardín), falando da felicidade que

o futuro nos había traer a nós e aos nosos pais, do que fariamos, veríamos, teríamos; sen cimentos máis firmes para edificar a nosa considerable superestrutura que as riquezas que criamos que nos habían chover grazas ao éxito das operacións especulativas do nobre comerciante. O noso pai era case peor ca nós, só que finxía non tomalo tan en serio: expresaba as súas promisorias esperanzas e as súas optimistas expectativas con bromas e alegres ocorrencias que eu sempre atopaba do máis enxeñoso e agradable. A nosa nai ría encantada ao velo tan feliz e ilusionado, mais, con todo, temía que estivese a poñer demasiadas esperanzas no asunto; unha vez oína murmurar, cando saía da habitación: «Deus queira que non leve unha decepción! Non sei como o había soportar».

E levouna; e ben amarga, ademais. Caeunos enriba a todos como un raio a nova de que o navío que contiña a nosa fortuna fora a pique e se afundira con todo o seu cargamento, xunto con varios membros da tripulación e mais o malfadado comerciante. Sentino por el; sentino polo esboroarse de todos os castelos que construíramos no aire, pero, coa elasticidade da xuventude, logo me recuperei da conmoción.

Aínda que a riqueza tiña os seus encantos, a pobreza non lle poñía medo a unha moza inexperta coma min. De feito, a dicir verdade, había algo estimulante na idea de pasarmos apuros, de termos que recorrer ao noso enxeño. Só desexaba que papá, mamá e mais Mary fosen da mesma idea ca min; así, talvez, en lugar de lamentar as calamidades pasadas, poderíamos entregarnos alegremente ao traballo de lles pór remedio; e canto maiores fosen as dificultades, canto máis duras fosen as nosas privacións presentes, maiores debían ser a nosa alegría para soportar as últimas e o noso vigor para loitar contra as primeiras.

Mary non se lamentaba, pero cismaba decontino no infortunio e sumiuse nun estado de abatemento do que ningún esforzo

meu a daba sacado. Non era capaz de facer que, coma min, lle vise o lado bo á situación e, de feito, tiña tanto medo de que me acusasen de amosar unha frivolidade infantil ou unha estúpida insensibilidade que poñía coidado en gardar para min a meirande parte das miñas brillantes ideas e optimistas ocorrencias, pois ben sabía que non habían ser apreciadas.

Miña nai só pensaba en consolar a meu pai, en pagar as nosas débedas e en conter os nosos gastos por todos os medios posibles; pero meu pai estaba completamente superado pola calamidade: a saúde, a forza e o ánimo sucumbiron ao golpe e nunca os recuperou de todo. En van se esforzaba miña nai por animalo apelando á súa piedade, á súa coraxe, ao seu afecto por ela e por nós. E ese mesmo afecto era o seu maior tormento: fora por nós por quen con tanto ardor desexara aumentar a súa fortuna, fora o noso interese o que enchera de luz as súas esperanzas e volví tan amarga a súa presente aflición. Agora atormentábao o remorso por ignorar os consellos de miña nai que, polo menos, o puideran salvar da carga adicional da débeda; reprochábase en van afastala da dignidade, da comodidade, do luxo da súa antiga posición para pasar con el os traballos e preocupacións da pobreza. Era fel e veneno para a súa alma ver aquela muller espléndida, de tan elevada educación, tan cortexada e admirada noutrora, transformada nunha activa e eficiente ama de casa, coas mans e a cabeza continuamente ocupadas en tarefas e economías domésticas. A boa disposición coa que ela cumpría estes deberes, a alegría coa que soportaba os reveses e a benevolencia que lle impedía imputarlle a menor culpa a el, eran todas convertidas pola imaxinación daquel ser atormentado en factores agravantes dos seus padecementos. E así, a mente foi rillando no corpo e alterou o sistema nervioso, que pola súa vez fixo aumentar os problemas da mente, até que, por acción e reacción, a súa saúde se viu seriamente afectada e ningunha de nós foi quen de convencelo de que a nosa situación non era nin a metade de lúgubre, nin tan

absolutamente desesperada como a súa mórbida imaxinación lla pintaba.

Vendemos o xeitoso faetón, xunto co rexo e ben alimentado poni, o vello e querido animal que decidiramos que debía rematar os seus días en paz e non cambiar nunca de mans; arrendamos a pequena cocheira e mais a corte; despedimos o criado e a máis eficiente das doncelas (pois era a máis cara). Remendabamos, revirabamos e zurcíamos a roupa até os límites mesmos do decente; a comida, que sempre fora sinxela, simplificámola agora até un grao sen precedentes, agás os pratos favoritos de meu pai; aforramos até a dor en carbón e candeas: a parella destas reduciuse a unha soa, que usabamos coa maior frugalidade; economizabamos carbón, coa lareira chea a medias, especialmente cando meu pai saía cumprir os seus deberes pola parroquia, ou ficaba acamado por algunha enfermidade, daquela sentabamos cos pés no salvachispas e aconchegabamos as ascuas esmorecentes de cando en vez, engadindo ocasionalmente unha manda de po e anacos de carbón para mantelas vivas. Canto ás alfombras, co tempo gastáronse até o urdume, e foron remendadas e zurcidas en maior medida aínda que as nosas prendas. Para aforrar o gasto dun xardineiro, Mary e mais eu asumimos a responsabilidade de manter a horta en orde, e todos os labores da cociña e da casa que non eran doados de facer para unha soa criada, facíanos miña nai e mais miña irmá, con algunha axuda ocasional pola miña parte; só ocasional porque, aínda que ao meu parecer xa era unha muller, ao delas seguía a ser unha meniña; e a miña nai, como a case todas as mulleres activas e eficientes, non lle foi dado ter fillas moi activas, polo seguinte motivo: sendo ela tan espelida e dilixente, nunca sentía a inclinación de confiar os seus asuntos noutra persoa, senón que, ao contrario, estaba disposta a actuar e pensar polos outros ademais de por si mesma; e fose cal fose o caso do que se tratase, tendía a pensar que ninguén o

podía tratar tan ben coma ela, de maneira que sempre que me ofrecía a axudala, recibía algunha resposta como:

—Non, meu amor, non podes... Aquí non hai que facer para ti. Vaille axudar a túa irmá ou lévaa dar un paseo contigo; dille que non debe pasar tanto tempo sentada, nin estar seguido dentro da casa como está, vai acabar véndose toda fraca e amoucada.

—Mary, di mamá que che axude, ou que te leve dar un paseo comigo, di que aínda vas acabar véndote toda fraca e amoucada se ficas tan seguido dentro da casa.

—Non me podes axudar, Agnes, e eu non podo saír contigo, teño demasiado que facer.

—Entón déixame axudar.

—Non podes, de verdade, meniña. Vai practicar algo de música ou xogar coa gata.

Sempre había moito que coser, pero a min non me ensinaron a cortar prenda ningunha e, salvo facer respuntos e subir bastas, pouco podía facer mesmo nese labor, pois ambas me aseguraban que lles era moito máis doado facer o traballo elas que prepararme a min para que o fixera; e ademais, preferían verme estudar ou divertirme, había ter tempo abondo para sentar diante dun labor, como unha grave matrona, cando a miña gatiña favorita se convertese nunha gata vella. Así as cousas, aínda que non era moito máis útil que a gatiña, o meu vagar non deixaba de ter certa desculpa.

E durante todas as nosas dificultades, só unha vez lle oín a miña nai queixarse da falta de diñeiro. Cando se achegaba o verán, comentounos a Mary e mais a min:

—Que ben lle viría ao voso pai pasar unhas semanas na costa. Estou convencida de que o aire do mar e o cambio de paisaxe

lle farían un ben incalculable. Pero, xa vedes, non temos diñeiro —engadiu cun suspiro.

Ambas desexabamos de corazón que fose posible, e lamentabamos enormemente que non o fose.

—E ben —dixo ela—, de nada serve queixarse. Talvez se poida facer algo para levar a cabo o plan. Mary, ti debuxas moi ben. Que che parece se fas algúns debuxos máis, co teu mellor estilo, os enmarcamos, xunto coas acuarelas que xa tes feitas, e tratamos de venderllos a algún marchante de arte que saiba recoñecer o seu mérito?

—Mamá, encantaríame, se cres que sería posible que se vendesen por unha cantidade que pagase a pena.

—Paga a pena tentalo, querida: ti prepara os debuxos e eu encargareime de atoparlles comprador.

—Oxalá puidese facer algo eu —dixen.

—Ti, Agnes! Ben, quen sabe? Ti tamén debuxas bastante ben: se escolles un motivo sinxelo, atreveríame a dicir que serás capaz de producir algo que a todos nos dará orgullo exhibir.

—Pero teño outro plan en mente, mamá, e desde hai moito, só que non me atrevín a mencionalo.

—Vaites! Pois cóntanolo, fai o favor.

—Gustaríame ser institutriz.

Miña nai proferiu unha exclamación de sorpresa e botouse a rir. Miña irmá deixou caer o labor, abraiada, e exclamou:

—Ti institutriz, Agnes? Que cousas tes!

—Pois eu non vexo que teña tanto de extraordinario. Non pretendo instruír rapazas grandes, pero sen dúbida podó ensinar

a nenas pequenas; e gustaríame moito, agrádanme moito os pícaros. Déixame, mamá!

—Pero, meu amor, aínda non aprendiches a coidar de ti mesma, e tratar con nenos pequenos require máis xuízo e experiencia que tratar cos máis grandes.

—Pero mamá, teño máis de dezaoito anos e son ben capaz de coidarme, a min e a outros. Non sabes canto xuízo e canta prudencia posúo, pois nunca me puxeches a proba.

—Só pensa —dixo Mary— que farías nunha casa chea de descoñecidos, sen min nin mamá para falarmos nin interceder por ti, cunha manda de rapaces que atender, ademais de ti, e sen ninguén a quen pedirlle consello. Non saberías nin que roupa poñer.

—Credes, porque sempre fago o que me mandades, que non teño xuízo propio, pero poñédeme a proba, é o único que vos pido, e veredes o que son capaz de facer.

Nese momento entrou meu pai e explicámoslle o tema da nosa conversa.

—Como? Agnes, a miña pequerrecha, de institutriz? —berrou el e, malia o seu abatemento, riu ao pensalo.

—Si, papá, e non me leves a contra, gustaríame moito facelo, e estou certa de que o faría de marabilla.

—Pero, querida, non podemos prescindir de ti. —E asomoulle unha bagulla aos ollos mentres engadía—: Non, non!, aínda aflitos como estamos, sen dúbida aínda non chegamos a ese extremo.

—Oh, non! —dixo miña nai—. Non hai necesidade ningunha de dar semellante paso; non é máis que un capricho dela. Así que couta a lingua, rapaza desobediente, pois aínda que ti tes

moita gana de nos deixar, sabes ben que nós non nos podemos separar de ti.

Caláronme por aquel día, e por moitos posteriores, mais non desbotei de todo o meu querido plan. Mary conseguiu o seu material para pintar e entregouse ao traballo con constancia. Eu tamén conseguín material, pero mentres debuxaba, pensaba noutras cousas. Que gozoso sería ser institutriz! Saír ao mundo, comezar unha nova vida, tomar as miñas propias decisións, exercer as miñas facultades desaproveitadas, poñer a proba o meu potencial descoñecido, gañar o pan por min mesma e algo para reconfortar e axudar a meu pai, miña nai e miña irmá, ademais de liberalos de ter que me procurar alimento e roupa; demostrarlle a papá o que era quen de facer a súa pequena Agnes; convencer a mamá e a Mary de que non era a meniña indefensa e inconsciente que supoñían. E ademais, que agradable sería que me confiasen o coidado e educación duns meniños! Dixesen o que dixesen os demais, eu sentíame plenamente competente para tal tarefa: a clara lembranza dos meus pensamentos da primeira infancia ofreceríame unha guía máis certa que as instrucións da máis madura conselleira. Non tiña máis que trasladar o pensamento dos meus pequenos pupilos a min mesma á súa idade para saber, de vez, como gañar a súa confianza e afecto; como espertar neles a contrición cando errasen; como facer practicable a Virtude, desexable a Instrución e agradable e comprensible a Relixión.

Que deliciosa tarefa a de amosarlle ás mentes novas a dirección axeitada! Guiar as plantas novas e velas botar gomos día tras día!

Movida por este convencemento, decidín seguir perseverando, aínda que o medo a desgustar a miña nai ou a ferir os sentimentos de meu pai evitou que volvese sacar o tema en varios días. Ao cabo, mencioneillo de novo a miña nai en privado e, con certa dificultade, fíxena prometer que me axudaría no meu

proxecto. A continuación obtiven o reticente consentimento de meu pai e despois, aínda que Mary seguía a suspirar con desaprobação, a miña querida e benévola nai comezou a buscame un posto de traballo. Escribiu aos parentes de meu pai e buscou nos anuncios do xornal; cos seus parentes había moito que cortara toda comunicación, desde o seu casamento só houbera un ocasional intercambio de cartas formais e, baixo ningunha circunstancia, ía recorrer a eles nun caso desta natureza. Pero o illamento do mundo no que viviran meus pais fora tan longo e tan completo que pasaron moitas semanas antes de atoparmos un posto axeitado. Por fin, para a miña grande alegría, decretouse que me había encargar da nova familia dunha tal señora Bloomfield, a quen a miña amable e decorosa tía Grey coñecera de moza e de quen aseguraba que era unha muller moi agradable. O seu marido era un comerciante retirado que fixera unha fortuna ben xeitosa, pero non foi posible convencelo de ofrecerlle un salario superior a vinte e cinco libras á institutriz dos seus fillos. Eu, porén, preferín aceptalo a rexeitar o posto, cousa que meus pais consideraban mellor plan.

Mais aínda tiven que dedicar algunhas semanas máis aos preparativos. Que longas e aburridas me pareceron! Con todo, foron semanas felices en xeral, cheas de brillantes esperanzas e ardentes expectativas. Con que peculiar pracer contemplei a confección da miña roupa nova e, posteriormente, a preparación da miña equipaxe! Pero había un sentimento amargo que se mesturaba con esta última ocupación e, unha vez rematada, cando todo estaba disposto para a miña partida ao día seguinte e se achegaba a miña derradeira noite na casa, unha súbita angustia pareceu encherme o corazón. A miña querida familia parecía tan triste e falaba con tanta benevolencia que apenas fun quen de evitar que os ollos se me inundasen de bágoas, pero aínda así finxín estar contenta. Dera o meu derradeiro paseo con Mary polos páramos, polo xardín e arredor da casa; con ela alimenta-

ra por vez derradeira as pombas, aquelas bonitas criaturas que amansaramos até facelas comer da nosa man; fixéralles un aloumiño de despedida nos seus sedosos lombos mentres ateigaban o meu colo. Bicara con tenrura as miñas favoritas, a parella de cola branca como a neve; tocara unha última melodía no vello piano familiar e cantáralle unha última canción a papá, non a derradeira, esperaba, senón a última no que a min me parecía moito tempo. E talvez cando volvese facer aquelas cousas sería con sentimentos distintos; talvez as circunstancias cambiasen e aquela casa non volvese ser o meu fogar. A miña querida amiga, a gatiña, había cambiar, con certeza: xa se estaba a converter nunha bonita gata e cando eu volvese, mesmo para unha fugaz visita polo Nadal, con toda probabilidade non lembraría xa nin a súa compañeira de xogos nin as súas alegres chanzas. Enredara con ela por última vez e , ao acariñar a súa brillante e suave pelaxe mentres ela rosmaba e adormecía no meu colo, sentín unha tristura que non me foi doado disimular. Despois, á hora de ir para a cama, cando me retirei con Mary ao noso tranquilo cuartíño, onde xa os meus caixóns estaban baleiros e a miña parte do andel despexada, e onde, a partir de entón, ela tería que durmir soa —nunha gris soidade, segundo as súas palabras—, o meu corazón apesarouse máis ca nunca: sentín que fora egoísta e que errara ao insistir en abandonala; e cando me axeonllei unha vez máis a carón da nosa camiña, pedinlle a Deus beizóns para ela e para os meus pais con máis fervor do que o fixera nunca. Para ocultar a miña emoción, enterrei a cara nas mans, que acabaron bañadas en bágoas. Ao levantarme decateime de que ela tamén estivera chorando, pero ningunha das dúas falou; e en silencio entregámonos ao repouso, arrexuntándonos máis do habitual, sabedoras de que pronto nos habíamos separar.

Pero a mañá trouxo unha esperanza e un ánimo renovados. Tiña que partir cedo para que o vehículo que me levaba (unha calesa que lle alugamos ao señor Smith, o comerciante de tec-

dos, comestibles e té da aldea) puidese volver no día. Erguinme, laveime, vestinme, engulín un apurado almorzo, recibín as agarimosas apertas de meu pai, miña nai e miña irmá, deille un bico á gata —para grande escándalo de Sally, a criada—, deille a man a esta, subín á calesa, botei o veo por diante da cara e entón, pero non antes, comecei a chorar a cachón. A calesa botou a andar, eu mirei para atrás: a miña querida nai e a miña irmá seguían de pé, na porta, mirando para min e dicíndome adeus coa man. Devolvínlles o aceno e pregueille a Deus que as bendicise con todo o meu corazón; baixamos a costa e deixei de velas.

—Estalle fría a mañá, señorita Agnes —observou Smith—, e escura; pero habémola dar levado alá antes de que empece a chover moito.

—Iso espero —respondín eu, con tanta serenidade como puiden.


—Onte á noite caeu abonda.

—Caeu.

—Pero este vento frío ha arredar a chuvia.

—Talvez.

Aquí rematou o noso coloquio. Atravesamos o val e comezamos a subir a montaña oposta. Mentres subiamos traballosamente, volvíñ mirar atrás: velaí estaba o campanario e, detrás, a vella e gris reitoría, bañada por unha raiola de sol oblicua; era unha raiola feble, pero a aldea e a súa contorna estaban sumidas nunha sombra tristeira e eu recibín aquela raiola fuxidía como un bo augurio para o meu novo fogar. Coas mans entrelazadas implorei unha beizón para os seus habitantes e revireime rapidamente, pois vin que o raio de sol marchaba e procurei evitar mirar de novo, para non vela mergullada na lúgubre sombra que cubría o resto da paisaxe.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO O 8 DE XUÑO
DE 2020, DÍA DE INICIO DA FASE 3 DA «DESES-
CALADA» DO CONFINAMENTO POLA COVID-19

